

Orzamento para o exercicio de 2019

## **INFORME DE INTERVENCIÓN**

**ASUNTO:** ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2019

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Os artigos 162 ao 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2 e) e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se Aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP72105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LO 2/2012.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- As Regras 54 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- O Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

En virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria.

Examinada a documentación que integra o expediente:

- Estados de ingresos e gastos do orzamento da corporación para o ano 2019
- Bases de execución do orzamento de 2019
- Memoria de Alcaldía
- Liquidación do orzamento da corporación do exercicio 2017 e estado de execución do orzamento por partidas do exercicio 2018.
- Anexo de persoal
- Anexo de investimentos a realizar no exercicio 2019
- Anexo de beneficios fiscais
- Informe económico-financieiro

Esta Intervención ten a ben **INFORMAR:**

Orzamento para o exercicio de 2019

1. ORZAMENTO ÚNICO

O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2019, formado pola Alcaldesa do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

2. EQUILIBRIO ORZAMENTARIO

O proxecto de orzamentos da corporación para o ano 2019 preséntase **NIVELADO**, por un importe total de 7.174.436,38 euros no orzamento de gastos e no orzamento de ingresos. O resumo por capítulos do estado de gastos e de ingresos é o que se recolle no expediente.

3. PROCEDEMENTO:

Para a súa aprobación seguiranse os seguintes trámites:

- Elevación ó Pleno. O proxecto do Orzamento Xeral, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo Presidente ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución (*artigo 168.4 do TRLRFL e artigo 18.4 R-D 500/1990*).
- Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno da Corporación (*artigo 22.2.e Lei 7/1985*), por maioría simple dos membros presentes (*art.47.1 Lei 7/1985*). O acordo de aprobación que será único, detallará os orzamentos incluídos no orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.
- Información pública por espazo de 15 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante ó que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno (*artigo 169.1 do TRLRFL e artigo 20.1 R-D 500/1990*).
- Resolución de todas as reclamacións presentadas. O Pleno contará, para resolvelas, cun prazo dun mes (*art. 169.1 do TRLRFL e art. 20.1 R-D 500/1990*).
- Aprobación definitiva. O Orzamento Xeral considerarase definitivamente aprobado se ó remate do período de exposición non se presentasen reclamacións; no caso contrario requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente (*artigo 169.1 do TRLRFL e artigo 20.1 R-D 500/1990*).
- Publicación. O Orzamento Xeral definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren no da Provincia (*art. 169.3 do TRLRFL e art. 20.3 R-D 500/1990*).
- Remisión do expediente e entrada en vigor. Do Orzamento Xeral remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia (*artigo 169.4 do TRLRFL e artigo 20.4 Real Decreto 500/1990*).

4. CRÉDITO NECESARIO E SUFICIENCIA DE INGRESOS

Consígnase crédito orzamentario suficiente no orzamento de gastos para dar cumprimento ás obrigas legais esixibles ó Concello; asimesmo a previsión dos ingresos é suficiente para a cobertura dos gastos presupostados, asegurándose, a priori, a

Orzamento para o exercicio de 2019

atención dos gastos de funcionamento dos servizos contratados polo Concello, nas distintas áreas e concellerías.

No que respecta ás previsións de ingresos advertir con respecto as subvencións previstas pero non concedidas, que no caso de que non se reciban ou que o importe concedido sexa inferior ó presupostado, haberá que dotar os mecanismos necesarios xa sexa en materia de gastos como en materia de ingresos para compensar esa falta de recadación.

5.GASTOS DE PERSOAL.

A consignación do Capítulo I do Orzamento de Gastos (Gastos de persoal) é a mesma que para o exercicio 2018, ó non estar aprobada a Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019, coas modificacións necesarias para a súa adaptación ó contido da Relación de Postos de Traballo do Concello de Bergondo.

En materia de persoal, facer as seguintes manifestacións, reiteradas ó longo dos diferentes orzamentos aprobados:

1. Reitérase a advertencia da existencia de persoal temporal vinculado a subvencións (no caso de prórroga destes contratos, serán obxecto de informe desfavorable de Intervención e Secretaría, polo mesmo motivo que o expresado no presente apartado), así como outros contratados por obra ou servizo cuxa duración estase a prolongar no tempo polas necesidades dos diferentes servizos, polo que resulta evidente o seu carácter de permanencia no tempo, o que implica unha irregularidade na contratación e selección do persoal, como xa se ten posto de manifesto ó longo dos diferentes informes de intervención que acompañan ós orzamentos.
2. Asimesmo dótese na partida de "*Outro persoal temporal*" unha partida xenérica para a contratación, reiterada todos os anos, de socorristas para a tempada de verán e de auxiliares de policía.
3. Que en aplicación **do artigo 93 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL)** , este Concello ten a obriga de reflectir anualmente nos seus orzamentos, tal e como figura no presente proxecto de orzamento de 2019, a contía das retribucións do seu persoal nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública (**art. 23 e 24 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma de la función pública; art. 153 a 157 do texto refundido da réxime local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril**) todo elo nos termos da doutrina constitucional recollida na STC 96/1990, de 24 de maio.
4. Ó non estar aprobada a lei de orzamentos para o ano 2019 as únicas regras en materia de persoal son as recollidas nos orzamentos para o ano 2018, mentres non se aproben os orzamentos para o ano 2018.

Destacar que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, recolle unha flexibilización na taxas de reposición de efectivos, autorizando unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírán prazas de natureza estrutural que, estando dotadas presupuestariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente al menos nos tres anos anteriores a 31 de

Orzamento para o exercicio de 2019

decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica así como outros servizos públicos.

As ofertas de emprego que articulen procesos de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020.

A taxa de cobertura temporal das prazas incursas en procesos de estabilización, deberá situarse ó final do período, en cada ámbito por debaixo do 8%.

A articulación destes procesos selectivos, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, podendo ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais.

A lei mantén a prohibición de contratación de persoal temporal, así como ó nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables.

Por todo o antedito, e consonte coa liña de informes desta Intervención, aprobada xa ademáis, a Relación de Postos de Traballo do Concello, deberánse articular os procesos de selección e cobertura correspondentes

## 6. SUBVENCÍONS

Con respecto as subvencións nominativas informar que nos expedientes que se tramiten acreditaránse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación previstos na normativa xeral de subvencións para este tipo de gastos. Polo que en todos os casos deberán motivarse as razóns excepcionais que xustifican a súa concesión, así como a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren en cada caso.

## 7. ENDEBEDAMENTO

Que segundo os datos que obran en Intervención o endebedamento deste Concello, á presente data, é cero.

## 8. REGRA DE GASTO

A Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP72105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LO 2/2012, elimina a obriga de remisión do informe de Intervención sobre o cumprimento da regra de gasto, sendo soamente necesario nesta fase de aprobación do orzamento, o informe da Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda.

Orzamento para o exercicio de 2019

Tamén con respecto á información trimestral, substitúese a obriga de remisión da actualización do informe de Intervención sobre o cumprimento da regra de gasto, pola obriga de realizar unha valoración do cumprimento da regra de gasto ó peche do exercicio.

A Subdirección General de Estudos y Financiación de Entidades Locales, dependente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, establece no seu escrito de 5 de decembro de 2014 que, “Considerando lo expuesto, esta Subdirección General entiende que la valoración se deberá realizar con motivo del informe trimestral a la ejecución del presupuesto, estimando el cumplimiento de la regla de gasto a liquidación, pero no con ocasión de la aprobación del presupuesto general por lo que no será obligatoria la emisión de informe ni valoración de la regla de gasto en relación con el presupuesto inicial o su proyecto ni su remisión al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, si bien esto no es óbice para que el órgano interventor, si así lo considera, incluya en su informe de fiscalización al presupuesto general cualquier aspecto sobre esta materia que considere oportuno.”

Por parte desta Intervención manifestar que dado que a valoración do cumprimento de regra de gasto se realizaba neste momento do exercicio, en base a estimacións dos datos a 31 de decembro e en base ás previsións de gastos e ingresos que conforman o orzamento xeral, podería darse o caso de que o orzamento cumprise coa regra de gasto e logo na liquidación con datos reais, tivese lugar un incumprimento ou ó revés, polo que será nas liquidacións, cos datos reais a 31 de decembro, onde se realizará informe sobre o cumprimento da regra de gasto e nese momento de non cumprir, haberá que realizar un plan de axuste. Momento no que si será preceptivo a remisión do informe a través da plataforma da Oficina Virtual para as Entidades Locais, ó Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

Advertir que trimestralmente terá lugar unha valoración sobre o cumprimento de regra de gasto, e que de observar nese momento un posible incumprimento da mesma, haberá que tomar as medidas correctoras que procedan para que na liquidación do orzamento exista cumprimento deste extremo. O mesmo sucede coa evolución dos ingresos, que de observar que non é conforme o previsto, haberá que realizar a contención de gasto correspondente, para paliar o efecto que implicaría esa minoración de ingresos. Polo que serán as execucións trimestrais, as que darán as pautas para as actuacións a realizar ó longo do exercicio orzamentario.

#### 9. LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

En consecuencia, para determinar esta contía haberá que atender neste caso ó cálculo da estabilidade orzamentaria, por todo o antedito con respecto á regra de gasto.

Orzamento para o exercicio de 2019

Gasto non financeiro co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Capítulos 1 a 7 de ingresos: 7.152.436,38 euros

Axustes SEC ingresos: 0,00 euros

Ingresos non financeiros axustados: 7.152.436,38 euros

Capítulos 1 a 7 de gastos: 7.152.436,38 euros

Axustes SEC gastos: - 645.169,97 euros

Gastos non financeiros axustados: 6.507.169,41 euros

Verificación cumprimento obxectivo de estabilidade: 645.169,97

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos ó superávit así calculado os gastos previstos considerados:

Teito de gasto non financeiro en equilibrio: 7.797.606,35 euros

*10. ANÁLISE DO NIVEL DE DÉBEDA PREVISTO NO ORZAMENTO DE 2019*

O nivel de débeda viva que existirá a finais do exercicio 2019 en relación aos ingresos consolidados, diferenciado entre nivel de débeda e nivel de débeda formalizada (disposto e dispoñible), será do 0%.

En consecuencia, e tendo en conta todos os aspectos legais anteriormente reflectidos, así como as advertencias manifestadas e reiterando con respecto á regra de gasto que será no momento da liquidación e cos datos reais de execución orzamentaria onde se realizará o informe de cumprimento ou incumprimento da mesma e no momento no que se concluirá a necesidade ou non de realizar plan de axuste, infórmase a proposta de aprobación do proxecto de Orzamento da Corporación para o ano 2019.

Este é o meu informe do proxecto de Orzamento para o ano 2019, suxeito a calquera outro mellor fundado en dereito.

Bergondo, na data que figura na marxe

A Interventora

Enterado

A alcaldesa

Asdo. Laura Gutiérrez Ortiz

Asdo. Alejandra Pérez Máquez